



ACORDOS

ACORDO 8 (servizos prestados na escala de saúde pública e administración sanitaria-Lei 17/89, ano 2018 e antes).

Para o cómputo dos cinco anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018, os servizos como persoal estatutario temporal poderán completarse con servizos prestados como persoal funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria-Lei 17/89 (inspector/a médico/a, inspector/a farmacéutico/a, farmacéutico/a inspector/a de saúde pública, subinspector/a sanitario/a, "ATS/DUE"...), na contía do 100 ou do 50 % (mesmo/distinto subgrupo de clasificación).

Igualmente, o requisito de ter prestado servizos na categoría/especialidade en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 entenderase tamén cumprido:

- a) Se a solicitude do grao I é nunha categoría/especialidade de persoal estatutario licenciado sanitario, cando en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 se tivera prestado servizos nunha clase do subgrupo A1 da escala de saúde pública e administración sanitaria.
- b) Se a solicitude do grao I é nunha categoría/especialidade de "persoal diplomado sanitario", cando en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 se tivera prestado servizos nunha clase do subgrupo A2 da escala de saúde pública e administración sanitaria.

As equivalencias establecidas neste acordo aplicaranse cando se tivera accedido ao vínculo funcional por un chamamento realizado na condición de aspirante dunha lista de contratación (para nomeamentos temporais) de persoal estatutario; de non ser



ACORDOS

posible probar este feito (polo momento en que realizou o chamamento) deberá acreditarse polo menos que no momento de iniciarse o vínculo funcional a persoa interesada figuraba como aspirante na lista de contratación de persoal estatutario.

ACORDO 9 (servizos prestados en comisión de servizos antes do ter destino definitivo no Sergas ou entidades adscritas).

Os servizos prestados en comisión de servizos no Servizo Galego de Saúde ou nunha entidade adscrita, antes de obter un destino definitivo nese ámbito, asimilaranse aos servizos prestados como persoal temporal para os efectos das medidas extraordinarias que están neste intre a executarse (grao inicial retroactivo e encadramento extraordinario no grao I).

Isto sen prexuízo da condición máis beneficiosa (maior progreso na carreira profesional) que poida resultar do recoñecemento, por parte da Dirección Xeral de Recursos Humanos, dun grao de carreira profesional acadado no servizo de saúde de orixe (consonte a cláusula 10 do acordo do 6 de xullo de 2018).

ACORDO 10 (servizos prestados como persoal especificamente nomeado a tempo parcial, antes do 1 de xullo de 2018).

Para os efectos de completar os 5 anos de servizos prestados o 1 de xullo de 2018 (réxime extraordinario de encadramento no grao I actualmente convocado), os servizos



ACORDOS

que se prestaron como persoal temporal especificamente nomeado a tempo parcial serán valorados sen a conseguinte redución (como xornada completa).

Sen prexuízo desta decisión, nunha futura reunión da comisión de seguimento analizarase polo miúdo esta materia, coa finalidade de acordar se as reducións de xornada e o traballo a tempo parcial inciden -e de ser o caso cómo- no cómputo da permanencia nos graos no réxime ordinario de carreira profesional.